

## **RESOLUCIÓN POLA QUE SE ACORDA A ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN 1/08, POLO PROCEDIMENTO ABERTO, DOS SERVIZOS DE OBSERVATORIO DE MERCADO MEDIANTE ENQUISAS TELEFÓNICAS, PARA O ANÁLISE I-MATH DA DEMANDA EMPRESARIAL DE TÉCNCIAS MATEMÁTICAS (TRANSMATH-08).**

Con data 19 de outubro de 2008, aprobáronse os pregos de condicións e de prescricións técnicas que rexerán no expediente para a contratación pola Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (en diante, CESGA), a través do procedemento aberto, dos servizos de observatorio de mercado mediante enquisas telefónicas, para o análise i-MATH da demanda empresarial de técnicas matemáticas (Transmath-08).

O anuncio de licitación publicouse na Voz de Galicia o 5 de novembro de 2008, así como na páxina web do CESGA, onde tamén estiveron publicados os pregos de condicións e de prescricións técnicas co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual da Fundación.

Rematado o prazo de presentación de ofertas indicado no anuncio de licitación, recibíronse un total de tres ofertas.

Constituída a Mesa de Contratación, segundo o previsto no prego de condicións, procedeuse á cualificación da documentación xeral dos licitadores, a confección da lista de empresas admitidas á licitación, á apertura das propostas técnicas dos licitadores admitidos e á convocatoria ao acto público de apertura de ofertas económicas, e á valoración das ofertas dos licitadores segundo os criterios de adxudicación establecidos nos pregos de condicións, propoñendo a adxudicación do contrato a favor da empresa Estrategia y Organización, S.A., por considerar a oferta presentada por este licitador a máis vantaxosa para cubrir as necesidades do CESGA.

Á vista da proposta de adxudicación da Mesa de Contratación, das actas das súas actuacións, do informe de valoración das ofertas técnicas e das propostas dos licitadores, e de conformidade coas facultades conferidas.

### **RESOLVO**

**Primeiro.-** Adxudicar provisionalmente o contrato de servizos de observatorio de mercado mediante enquisas telefónicas, para o análise i-MATH da demanda empresarial de técnicas matemáticas (Transmath-08), a favor da empresa Estrategia y Organización, S.A., con CIF A 36196418, polo importe total de 162.914,81 €, (cento sesenta e dous mil novecentos catorce con oitenta e un euros), sendo 140.443,80 € a base imponible, e 22.471,01 € a cota do Imposto sobre o Valor Engadido.

**Segundo.-** Notificar a adxudicación provisional do contrato aos interesados así como publícala na web do CESGA.

**Terceiro.-** Requerir á empresa adxudicataria para que, no termo de 15 días hábiles a contar dende a publicación na web do CESGA, presente os seguintes documentos:

- Último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas ou o documento de alta no mesmo, cando esta sexa recente e non xurda aínda a obriga de pago. O alta deberá achegarse en todo caso cando no recibo achegado non conste o epígrafe correspondente ao obxecto do contrato que lles faculte para o seu exercicio no ámbito territorial en que as exercen, debendo complementarse cunha declaración responsable do licitador de non terse dado de baixa na matrícula do citado Imposto.
- Certificación acreditativa de atoparse ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal.
- Certificación acreditativa de non ter débedas de natureza tributaria coa Comunidade Autónoma de Galicia, expedida pola Consellería de Economía e Facenda.
- Certificación acreditativa de atoparse ao día no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.
- Orixinal do aval constituído como garantía definitiva por importe do 5 por 100 do importe de adxudicación do contrato, excluído o IVE.
- Xustificante de ter aboados os gastos derivados da publicación do anuncio de licitación.
- O adxudicatario provisional deberá achegar, así mesmo, os documentos que acrediten a efectiva disposición dos medios (persoais e materiais) que se comprometeu adscribir á execución do contrato.

Santiago de Compostela, a 23 de decembro de 2008,



Javier García Tobío  
Director Xerente